

2º

Xunto remito proposta de modificación dos estatutos de Redes de Telecomunicación Galegas, S.A., que se acompañan á presente, para o seu preceptivo informe pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Os referidos estatutos foron informados en data 18 de marzo de 2015, considerando necesario, respecto dos xa informados, modificar a redacción do artigo 23.3.

Santiago de Compostela, a 7 de abril de 2015

**O director xerente**  
  
**Asdrubal José Angel Abeal Riveiros**

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 08/04/2015 10:52:58

ENTRADA 53381 / RX 658466



RETEGAL, S.A.  
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.  
**S A Í D A**  
Nº 2015.000.642  
DATA 08.04.2015

**ASESORÍA XURÍDICA XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

# ESTATUTOS DA SOCIEDADE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL. S.A.

## TITULO I. - DENOMINACIÓN, OBXECTO, DURACIÓN E DOMICILIO

### Artigo 1º. - DENOMINACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

1. Baixo a denominación de *Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (Retegal)*, constitúese unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente de titularidade pública, para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu réxime xurídico vén determinado pola Lei de sociedades de capital, aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como, no que proceda, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e polo Título IV da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O réxime orzamentario, económico - financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica. Ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan a consideración de medios propios para os efectos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro e nos artigos 4.1.n e 24.6 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En consecuencia, Retegal está obrigada a executar as encomendas ou encargos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e estas entidades públicas instrumentais lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados na Lei 16/2010 e nestes estatutos. As súas relacións teñen natureza instrumental, non contractual, sendo, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado.

3. As encomendas que se realicen a Retegal instrumentaranse mediante unha resolución do ente encomendante na que, como mínimo, se precisarán as actuacións concretas que constitúan o obxecto da encomenda, así como os termos e as condicións en que deba executarse.
4. A sociedade estará sometida á normativa vixente aplicable en materia de publicidade da súa actividade.

### Artigo 2º. - OBXECTO E FINS DE RETEGAL

1. Retegal terá por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En particular constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:
  - a. A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento,

dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.

- b. A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.
3. As actividades abranguidas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando noutras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito, respectando en todo caso o marco normativo definido no artigo 1º.1 destes estatutos

### **Artigo 3º.- DURACIÓN E DATA DE COMEZO DAS OPERACIÓNS**

A Sociedade comezará as súas actividades unha vez se proceda a súa inscrición, e terá unha duración ilimitada.

### **Artigo 4º.- DOMICILIO SOCIAL**

1. O domicilio social fíxase en Complexo de San Marcos - 15820. San Marcos - Santiago de Compostela, no lugar no que se encontra o principal establecemento de Retegal.
2. Correspóndenlle ao Consello de Administración as competencias para o traslado do domicilio dentro do mesmo termo municipal, así como para a creación, supresión ou traslado de sucursais, axencias ou delegacións, tanto no territorio nacional como no estranxeiro.

## **TITULO II - CAPITAL SOCIAL E ACCIÓNS**

### **Artigo 5º.- CAPITAL SOCIAL**

O capital social fíxase na cantidade de **SESENTA MIL CENTO DEZ EUROS (60.110,00 euros) dividido en mil accións nominativas de sesenta con once euros (60,11 euros) cada unha, numeradas do UN ao MIL, ambas as dúas inclusive, totalmente subscritas e desembolsadas.**

### **Artigo 6º.- ACCIÓNS**

- 1.- As accións estarán representadas por títulos que poderán ser unitarios ou múltiples.
- 2.- O título de cada acción conterá necesariamente as mencións sinaladas como mínimas na lei.

### **Artigo 7º.- DEREITOS QUE CONFIEREN AS ACCIÓNS**

1. Cada acción confire ao seu titular a condición de socio con todos os dereitos inherentes a esta.
2. En caso de copropiedade, usufruto ou peñor de accións, haberá que aterse ao que sobre estes puntos dispón a Lei de sociedades de capital.

### **Artigo 8º.- TRANSMISIÓNS DE ACCIÓNS**

1. As accións son indivisibles.

2. O alleamento de títulos representativos de capital propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia requirirá acordo previo do Consello da Xunta, por proposta da Consellería con competencias en materia de patrimonio.

#### **Artigo 9º.- LIBRO REXISTRO**

As accións figurarán nun Libro de Rexistro que levará a sociedade, debidamente legalizado polo Rexistro Mercantil, no que se inscribirán as sucesivas transferencias ou constituicións de dereitos reais ou gravames sobre elas.

#### **Artigo 10º.- EXERCICIO DE DEREITOS**

Os dereitos que correspondan á Comunidade Autónoma, como titular de accións da sociedade, exerceranse a través da consellería competente en materia de patrimonio, conforme ao disposto no artigo 106 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Artigo 11º.- AMPLIACIÓN OU DIMINUCCIÓN DO CAPITAL SOCIAL**

1. capital social poderá ser ampliado ou diminuído con suxeición ás normas legais aplicables.
2. En todo aumento de capital, os accionistas poderán exercer, dentro do prazo que a este efecto se sinale polo Consello de Administración, e que non será inferior a un mes, o dereito de subscribir unha nova emisión, un número de accións proporcional ao das que posúa.
3. A Xunta Xeral que decida a ampliación, poderá acordar en beneficio da sociedade a supresión total ou parcial do dereito de subscripción preferente, na forma determinada pola Lei.

### **TÍTULO III.- RÉXIME DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE**

#### **Artigo 12º.- ÓRGANOS DA SOCIEDADE**

O goberno e administración da sociedade están encomendados aos seguintes órganos, coas facultades que a uns e outros lles atribúen estes Estatutos e, no previsto por eles, a normativa rectora da materia:

1. A Xunta Xeral de Accionistas
2. O Consello de Administración

#### ***SECCIÓN PRIMEIRA.- XUNTA XERAL***

#### **Artigo 13º.-XUNTA XERAL DE ACCIONISTAS**

1. Os socios, reunidos en xunta xeral, decidirán pola maioría legal ou estatutariamente establecida, nos asuntos propios da competencia da Xunta.
2. Todos os socios, mesmo os disidentes e os que non participasen na reunión quedan sometidos aos acordos da xunta xeral.

#### **Artigo 14º.- XUNTA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA**

1. A xunta xeral pode ser ordinaria ou extraordinaria.
2. A xunta xeral ordinaria, previamente convocada ao efecto, reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio para, se é o caso, aprobar a xestión social, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a aplicación do resultado.

A xunta xeral ordinaria será válida aínda que fose convocada ou se celebre fóra de prazo.

3. Toda xunta que non sexa a prevista no apartado anterior terá a consideración de xunta xeral extraordinaria.

#### **Artigo 15º. - CONVOCATORIA**

1. A xunta xeral será convocada polo consello de administración e, no seu caso, polos liquidadores da sociedade.
2. O consello de administración convocará a xunta xeral sempre que o considere necesario e, en todo caso, nas datas que determine a lei e os estatutos.

Deberá convocala sempre que o solicite un número de socios que represente, polo menos, o cinco por cento do capital social, expresando na solicitude os asuntos a tratar. Neste caso, a xunta xeral convocarase para a súa celebración dentro dos dous meses seguintes á data en que se tivera requirido notarialmente ao consello de administración para convocala, debendo incluírse na orde do día os asuntos que tivesen sido obxecto de solicitude.

#### **Artigo 16º.- CONSTITUCIÓN**

1. A xunta quedará validamente constituída cando se cumpra o quórum previsto na lei.
2. En todo caso, a xunta quedará validamente constituída para tratar calquera asunto sen necesidade de previa convocatoria se, encontrándose presente ou representado todo o capital social, todos os asistentes aceptan por unanimidade celebrala.

#### **SECCIÓN SEGUNDA.- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN**

##### **Artigo 17º.- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN**

1. O consello de administración estará integrado por un número de conselleiros/as que non será inferior a tres nin superior a sete.
2. Será o/a presidente/a do consello de administración, a persoa titular de dirección da entidade pública instrumental competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica.
3. Será o/a vicepresidente/a do Consello de Administración a persoa titular do órgano superior competente en materia de comunicación social.
4. A determinación do número concreto de conselleiros, así como a súa elección corresponde á xunta xeral.
5. O consello de administración pola súa banda, por proposta do Presidente, designará o secretario e/ou, no seu caso, Letrado asesor. Estas designacións poden recaer en quen non reúna a condición de conselleiro, se ben neste caso o designado só poderá participar nas reunións do consello con voz pero sen voto.

En ausencia do secretario asumirá as súas funcións o conselleiro de menor idade.

##### **Artigo 18º.- DURACIÓN DO CARGO DE CONSELLEIRO**

1. Os conselleiros/as desempeñarán o seu cargo en tanto ostenten o que motivou o seu nomeamento, ata un período de seis anos, podendo ser reelixidos.
2. Os/as conselleiros/as poderán percibir unha cantidade fixa en concepto de dieta de asistencia ás reunións do Consello de Administración, que será fixada pola Xunta Xeral de Accionistas previo acordo do Consello da Xunta, contando co informe

favorable da consellería competente en materia de Facenda.

#### **Artigo 19º.- CONVOCATORIA DO CONSELLO**

1. O consello de administración será convocado polo Presidente ou o que faga as súas veces.
2. Os administradores que constitúan polo menos un terzo dos membros do consello poderán convocalo, indicando a orde do día, para a súa celebración na localidade onde radique o domicilio social, se, logo de petición ao presidente, este, sen causa xustificada non houbera feito a convocatoria no prazo dun mes.
3. En todo caso, o consello quedará validamente constituído para tratar calquera asunto, sen necesidade de previa convocatoria se, encontrándose presentes ou representados todos os membros do mesmo, todos os asistentes aceptan por unanimidade celebralo.

#### **Artigo 20º.- QUORUM DAS REUNIÓN E ADOPCIÓN DE ACORDOS**

1. Fóra do suposto previsto no artigo 19º.3 destes estatutos, o consello quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representadas, a metade máis un dos vogais.
2. Os acordos do consello de administración adoptaranse por maioría absoluta dos conselleiros concorrentes á sesión.

#### **Artigo 21º.- FACULTADES DO CONSELLO**

Son facultades do Consello de Administración:

- a) Representar á sociedade en xuízo e fóra del.
- b) Aprobar os regulamentos de réxime interior, así como os de organización interna, estrutural e funcional.
- c) Propoñer á Xunta Xeral Extraordinaria o aumento ou diminución do capital social, previo cumprimento dos requisitos legalmente necesarios.
- d) Convocar as Xuntas de Accionistas, xa sexan ordinarias ou extraordinarias, e executar os seus acordos.
- e) Recibir información sobre a marcha da sociedade, coa amplitude que o propio Consello xulgue necesario.
- f) Formular as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado no prazo máximo de tres meses a partir do peche do exercicio social.
- g) Dirixir o persoal, nomeando e separando empregados e fixando a súa retribución. Aprobar un cadro de persoal, que incluíra os postos de persoal directivo, e os instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal, a subscripción de convenios colectivos, as ofertas de emprego e as bases das convocatorias de contratación de persoal que requirirán, en todo caso, informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública.
- h) Nomear ao director/a xerente, a proposta do/a presidente/a.
- i) Autorizar convenios de cooperación ou colaboración con institucións públicas ou privadas.
- j) As consignadas dunha maneira especial en artigos determinados destes Estatutos.
- k) Todas aquelas que a lei outorgue cos límites e restricións que a normativa en

vigor recolla en cada momento.

### **Artigo 22º.- CREACIÓN DE COMISIONS EXECUTIVAS**

1. O consello de administración poderá designar no seu seo unha comisión executiva con carácter permanente ou ocasional, coa composición e atribucións, que máis conveña á recta xestión e administración dos intereses sociais, sen que en ningún caso poidan atribuírse as facultades indelegables segundo lei.
2. A comisión executiva será presidida polo Presidente e, no seu defecto, polo conselleiro de maior idade que forme parte desta.
3. As actas, que no seu caso se levanten, serán autorizadas polo/a secretario/a do Consello.

### **SECCIÓN TERCEIRA.- O/A PRESIDENTE/A**

#### **Artigo 23º.- O/A PRESIDENTE/A**

1. Son atribucións do/a presidente/a:
  - a) Asumir o goberno e inspección de todos os servizos da sociedade, vixiando a administración da mesma, o desenvolvemento da súa actividade social e a fiel execución das operacións.
  - b) Ostentar a representación do Consello en toda clase de actos e usar a sinatura social no ámbito das súas facultades.
  - c) Presentar ao Consello de Administración os informes que considere oportunos.
  - d) Propoñer ao Consello de Administración o nomeamento do/a director/a xerente.
  - e) Velar para que se cumpran os Estatutos sociais en toda a súa integridade e se executen fielmente os acordos do Consello de Administración.
  - f) Convocar e presidir o Consello de Administración.
  - g) Dirixir as deliberacións dos órganos da sociedade.
  - h) Propoñer convenios de cooperación ou colaboración con institucións públicas ou privadas.
  - i) Visar as certificacións que expida o/a secretario/a
  - j) Visar as actas das reunións, os balances, contas, estados e memorias que teñan que ser sometidas á Xunta Xeral.
  - k) Outorgar toda clase de actos contratos ou negocios xurídicos que non supoñan gasto para a sociedade, cos pactos, cláusulas e condicións que considere oportuno establecer. Exclúense en todo caso as operacións de endebedamento.

Polo que se refire aos contratos e negocios xurídicos que supoñan gasto para a sociedade, poderá, con carácter xeral, tramitar e formalizar contratos por importe inferior ao previsto para os contratos harmonizados na normativa de contratos públicos, salvo, no suposto dos contratos de obras, en cuxo caso, só poderá tramitar e formalizar aqueles contratos de obras de importe inferior a 600.000 euros.

Os contratos e negocios xurídicos que superen os límites previstos no parágrafo anterior deberán ser autorizados previamente polo Consello de Administración, que, para tal efecto, deberá dispoñer da información suficiente coa debida antelación.

En casos de extraordinaria urxencia, esta autorización poderá ser concedida polo consello de administración con posterioridade ao inicio da licitación sempre e cando se conceda antes da adxudicación do contrato e se tivese posto en coñecemento de todos os membros do consello de administración o acordo do presidente" de inicio da licitación" "coa xustificación de concorrencia das circunstancias extraordinarias

- l) Comparecer ante toda clase de xulgados e tribunais de calquera xurisdición e ante toda clase de organismos públicos, en calquera concepto, e en toda clase de xuízos e procedementos, incluso arbitrais, achandarse e transixir, interpoñer recursos, incluso de casación, revisión ou nulidade, ratificar escritos e desistir das actuacións, xa directamente ou por medio de avogados e procuradores, aos que poderá conferir os oportunos poderes.
  - m) Xirar, aceptar, endosar, avalar, intervir e protestar letras de cambio e outros documentos de xiro.
  - n) Abrir, seguir e pechar a nome da sociedade no Banco de España, caixa de aforros, postais, rurais, cooperativos de crédito e demais establecementos bancarios, contas correntes e de crédito, dispoñendo contra elas e podendo, en consecuencia, ingresar e retirar fondos.
  - o) Asinar contratos de traballo, de transporte e traspaso de locais de negocio, retirar e remitir xéneros, envíos e xiros.
  - p) Outorgar e asinar toda clase de documentos públicos e privados, retirar e cobrar calquera cantidade ou fondos de calquera organismo público ou privado, asinando ao efecto cartas de pago, recibos, facturas e libramentos.
- 2.- O/A presidente/a do Consello de Administración poderá conferir as atribucións enumeradas coas letras h) e k) a p) no/a director/a xerente, previo acordo do Consello de Administración.
- 3.- Requirirá autorización da Xunta Xeral de Accionistas calquera transacción que supere o 10 por cento dos activos sociais, cando se trate do suposto previsto no artigo 230 da Lei 1/2010, de sociedades de capital, referido á dispensa de abstención nos casos de conflito de interese.

#### **SECCIÓN IV.- O DIRECTOR XERENTE**

##### **Artigo 24º.- O/A DIRECTOR/-A XERENTE**

- 1.- O/A director/a xerente, baixo a inmediata dependencia do/a presidente/a, dirixirá a organización empresarial da sociedade e os seus negocios sociais, segundo o réxime de atribucións, dereitos, deberes, incompatibilidades, remuneración e competencias que, ao efecto, aquel estableza.
- 2.- O/A director/a xerente asistirá, con voz pero sen voto, ás reunións das Xuntas e Consellos, cando así se lle requira ou convoque.

##### **Artigo 25º.- COMISIÓN DE AUDITORÍA E CONTROL**

A comisión de auditoría e control estará integrada por 3 membros, que serán designados polo Consello de Administración da seguinte forma: un en representación da entidade pública instrumental competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica, outro en representación da órgano superior competente en materia de comunicación social e entidades dependentes, e un en representación da consellería con competencias en materia de Facenda.

Entre as súas competencias estarán:

- Coñecer os procesos de información financeira e os sistemas de control interno da sociedade.
- Revisar as contas anuais da sociedade, vixiar o cumprimento dos requirimentos legais e a correcta aplicación dos principios de contabilidade xeralmente aceptados.
- Propor ao Consello de Administración, para o seu sometemento á Xunta Xeral de Accionistas, o nomeamento dos auditores, mediante os procedementos de adxudicación previstos na normativa de contratación pública.
- Servir de canle de comunicación entre o Consello de Administración e os auditores de contas, e avaliar os resultados de cada auditoría. Así mesmo, recibir información sobre todas as cuestións relacionadas co proceso de desenvolvemento da auditoría de contas, así como manter as comunicacións previstas na lexislación de auditoría de contas e demais normas técnicas de auditoría.
- Elaboración dun informe anual sobre as súas actividades.

#### **TÍTULO IV.- EJERCICIO ECONÓMICO E APLICACIÓN DO RESULTADO**

##### **Artigo 26º.- EJERCICIO ECONÓMICO**

Os exercicios sociais coincidirán cos anos naturais, excepto o primeiro exercicio, que comezará o día no que se asine a escritura de constitución, e concluirá o trinta e un de decembro do mesmo ano.

##### **Artigo 27º.- APLICACIÓN DO RESULTADO**

- 1.- A administración da sociedade está obrigada a formular, no prazo máximo de tres meses, contados a partir do peche do exercicio social, as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación de resultados. As contas anuais comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria.
- 2.- As contas anuais serán aprobadas pola Xunta Xeral de Accionistas que, á súa vez, resolverá sobre a aplicación do resultado do exercicio, de acordo co balance aprobado.
- 3.- Dentro do mes seguinte á aprobación das contas anuais, presentaranse xunto coa oportuna certificación acreditativa de dita aprobación e aplicación do resultado, para depositalas no Rexistro Mercantil.

#### **TÍTULO V – TRANSFORMACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN E DISOLUCIÓN**

##### **Artigo 28º.- TRANSFORMACIÓN, FUSIÓN, ESCISIÓN E DISOLUCIÓN**

1. A transformación, fusión ou escisión da sociedade producirase conforme ao previsto na Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís e na Lei 16/2010, do 17 de decembro.

As transformación, fusión ou escisión de Retegal require autorización previa do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de Facenda, logo de iniciativa da entidade pública instrumental competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica, con carácter previo aos acordos que deban adoptarse segundo a lexislación mercantil.

2. A disolución de Retegal producirase polas causas e na forma prevista na Lei de Sociedades de Capital.

A disolución require autorización previa do Consello da Xunta, por proposta da

consellería competente en materia de Facenda, previa iniciativa da entidade pública instrumental competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica, con carácter previo aos acordos que deban adoptarse segundo a lexislación mercantil.

O Consello da Xunta determinará, se é o caso, o destino do haber social.